

Cancións e xogos de 0-6 Cantares e xogos.

LIMIAR

Quen este libro colla nas mans ha de saber que contén un tesouro, é como un instrumento cargado de futuro.

Non é ouro (do que agochou o mouro), nin é prata (da que lambía a gata). Non é o libro como obxecto, o deseño, o escrito, palabras ou frases, razóns nin argumentos.

¿Que será?

Pois son auténticas riquezas, as que non se devalúan: os sons, as cadencias, os ritmos, as formas propias familiares, das comunidades e da cultura, de aloumiñar, arrolar, rifar, argallar, contar, cantar e xogar. As que lles ofrecemos como primeira herdanza a aqueles que veñen a continuar o noso labor de labrar futuro.

Compre dar a benvida a esta recollida de folklore e formas de xogar para a infancia, realizada na comarca de Ordes por profesionais que teñen ó seu cargo o coidado do desenvolvemento das crianzas e o apoio das familias que o precisan. Profesionais que na súa experiencia foron acreditando o valor das formas de actividade conxunta que, cantando e xogando, realizan os máis maiores cos máis noviños. E que empregan a súa formación e o seu tempo en recollelas, divulgálas e así facelas accesibles a cantos desexen ou necesiten achegarse ás culturas da infancia.

Cantares, arrollos e nanas
recitados, ditos, sonsonetes,
adiviñas, engadidos, disparates...

Desde os máis tradicionais, os dos tempos de Maricastaña, ata os que se acaban de incorporar, inventados partindo da nosa cultura, ou importados doutras, eses que teñen tan forte raigame que os fan doados de asimilar, de disfrutar e de compartir. Chama a atención que de tanto tempo de programas infantís nos medios audiovisuais, repetidos unha e outra vez, permanezan tan escasas pezas nos repertorios do folklore infantil. Cabe atribuílo á existencia dun filtro máxico que permite o paso ós que poden ficar e llo impide ós que non entonan coas estruturas e cadencias que nos son propias. E pode ser que este filtro sexa o entramado, o tecido nas vivencias compartidas cos adultos e cos iguais na infancia. Esas vivencias, cantadas ou xogadas, deixan unha pegada tan fonda que son o último que se esquece alá no final da vida, cando a memoria se apaga.

Porque aínda que moitas veces se lles denomine como formas de transmisión oral, o aquel da súa esencia é a transmisión vivencial. Esa das nanas, arrollos e xogos de colo, que van nunha estrutura de movementos e ritmos nos que o adulto transmite, coas palabras e as cancións, a emoción da experiencia compartida. E mellor a transmite si lle ven das fondas resonancias da súa propia infancia.

Xogos de oficios e maxias, rifas e sortes, as tabas e a corda, o pillar e as escondidas...

A rede de seguridade e confianza onde explorar, imaxinar e tecer as formas de relación no grupo de iguais. Practicando os acordos e as normas, as pandas, os roles, gañar e perder, escoller e ser escollido. Todas as cualidades e matices das mañas de socialización que os xogos grupais aportan á infancia.

Tales son as xoias do tesouro que amosan estas páxinas: as vivencias infantís que perduran nos maiores, transmitidas dunha xeneración a outra, que se revitalizan e actualizan na relación con cada crianza, acompañando, acompasando e favorecendo o seu desenvolvemento.

E máis non queda que dispoñer de espazos e tempos nos que compartir e disfrutar deste tesouro coa infancia miúda.

Xoana Balado
Psicomotricista
2014